

*Corrección de erros.-Orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca a selección e renovación de plans de autoavaliación e mellora da calidade de educación en centros educativos para o curso 2007-2008.*

Advertidos erros nesta orde, publicada no DOG nº 91, do 11 de maio de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 7.666, debe substituírse o anexo III polo seguinte:

ANEXO III

CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR

Don/Dona	<input type="text"/>		,
secretario/a do consello escolar do centro	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
<b>CERTIFICA:</b>			
Que na sesión do consello escolar deste centro, que tivo lugar o día <input type="text"/> de <input type="text"/> de 2007, se acorda a presentación de			
solicitude de participación na convocatoria de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso			
2007-2008, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.			
_____		_____	
Vº e prace O/A director/a		O/A secretario/a	
Asdo.:		Asdo.:	

*Orde do 9 de maio de 2007 pola que se convocan bolsas de colaboración en departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia destinadas ao alumnado de excelencia académica, para o curso académico 2007-2008.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, atribúelle a esta comunidade autónoma competencias plenas na regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades. A sustentación desta responsabilidade institucional foi efectuada no eido universitario por medio do Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro de 1988; *Diario Oficial de Galicia* do 17 de febreiro de 1988) de traspaso de funcións, medios e servizos na materia, polo que se lle transferiron á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de abril). A Lei 11/1989, do 20 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia (LOSUG), creou as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Unha das tarefas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a levar a cabo, determinada polo Estatuto de autonomía, pola Lei de ordenación do sistema universitario de Galicia (LOSUG) e

pola demanda da propia comunidade universitaria, é a de facilitar información relevante e actualizada sobre o sistema universitario de Galicia co conseguinte apoio e asesoramento que precise o alumnado universitario.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia, realiza desde hai algúns anos unha política de asistencia económica ás alumnas e aos alumnos universitarios. Esta política de asistencia económica inclúe as bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia.

Estas bolsas de colaboración van destinadas ao alumnado do último curso de ensinanzas universitarias que acredite expedientes académicos excelentes e desexe prestar a súa colaboración en departamentos universitarios, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, iniciándose así en tarefas docentes e de investigación directamente vinculadas cos estudos que estean a cursar, permitindo con isto o crecemento e a potenciación do sistema universitario de Galicia.

En consecuencia, esta consellería

**DISPÓN:**

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, 40 bolsas de colaboración en departamentos das